

Ames, 10 de Xuño de 2010

## ANPA Val da Amaía - INFORMA

### Estimados Pais e Nais:

Mediante a presente informámoslles, que para o vindeiro curso 2010/2011, dende o A.N.P.A e a empresa ACTEX asumimos a grata labor da organización, un ano máis das actividades extraescolares. Na folla de Inscripción que vai adxunta dámoslle a posibilidade de escoller as actividades para o vindeiro curso, para que deste xeito, comecen o **primeiro día de clase de Setembro**. Para iso agradecémoslles que fagan entrega no buzón da ANPA antes 18 de XUÑO (Excepto para as novas matriculas que se realizara ao longo de todo o mes de Xuño) da FOLLA DE INSCRIPCIÓN adxunta, onde poden seleccionar cunha "X" a actividade ou actividades que lles interesen.

#### ESTE ANO PRESENTAMOS COMO ACTIVIDADE NOVEDOSAS:

- INICIACIÓN Á MÚSICA: *Traballarán dende moi pequenos con conceptos básicos sobre a música e movemento. Preténdese activar a creatividade por medio da música.*
- PRENSA DIXITAL & AUDIOVISUAIS ( 5º y 6º de EP) :*Con esta actividade queremos fusionar a capacidade intelectual dos alumnos coa capacidade creativa, para a elaboración de noticias, isto conleva a redacción, investigación, fotografía, montaxe.... ata o momento da súa publicación vía dixital, para iso contarán cos medios, mais actuais a nivel informático.Deste modo o obxectivo principal da actividade será dende a creación dun periódico dixital que se poderá ver nas páxinas web do centro así como na de Actex, como a gravación dun telexornal coas súas novas, sketch., anuncios...*

Todos os recibos das actividades **pasaranse** pola entidade bancaria que vostedes nos indiquen do **día 1 ó 5 do mes en curso**. Se por algunha circunstancia o alumno/a debe causar BAIXA deberán comunicalo **ANTES DO DÍA 20**, en caso contrario procederase a súa facturación.

Lembren que **para participar en todas as actividades e os servizos ofertados para o curso 2010/2011, teñen que estar dados de alta como socios da ANPA**. Para iso, deben ingresar a **cota anual de 15 €** no numero de conta que indicamos abaixo indicando no concepto do pago o nome e apelidos dos fillos/as (a cota págase por familia non por alumno)

Para calquera dúbida ao respecto, poden poñerse en contacto coa DIRECCION da ANPA do Colexio ou ben chamar ao teléfono de **ACTEX 687 590 810 (Marta) ou 666 582 190 (Veronica)** en horario de 9:30 a 13:30 e de 16:00 a 19:30 horas.

Agradecendo a súa colaboración saudámoslles moi atentamente,

A ANPA

CONTA BANCARIA ANPA: Caixa Galicia 2080-0215-47-0040001186